

PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA

05 DEC. 2017

Núm. 21153

Sr. Presidente,

Na sesión plenaria celebrada o día 4 de decembro o señor López Crespo, deputado do Partido Popular, pronunciou palabras insultantes contra as traballadoras de Conservas Esteiro, contra as mulleres, contra os sindicatos en xeral e contra o S.N. de CC.OO de Galicia, en particular.

En calidade de Secretario Xeral do S.N. de CC.OO. de Galicia considero inaceptable que na Cámara onde reside a soberanía do pobo galego un deputado minta, insulte e agrade á clase traballadora e aos seus lexítimos representantes.

Estas declaracións descalifican ao deputado que as fixo pero si o Parlamento non recrimina estas declaracións, sería o conxunto da Cámara o que quedaría contaminado.

Por todo iso, en nome do S.N. de CC.OO. de Galicia, da sección sindical de CC.OO. de Conservas Esteiro, e dos representantes legais das traballadoras, nos diriximos a vostede para demandarlle:

- 1.- Que esixa do deputado Sr. López Crespo unha rectificación inmediata das súas declaracións.
- 2.- Que no caso de que esta non se produza o Presidente do Parlamento as recrimine, eliminando as súas palabras da acta de sesións do Pleno.

Para trasladarlle en persoa estas cuestións, SOLICITAMOS que nos reciba no menor breve espacio de tempo posible.

Atentamente,

Asdo.: Ramón Sarmiento Solla  
Secretario Xeral do S.N. de CC.OO de Galicia.

SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA.